

Se che interesa formar parte do noso equipo voluntario

Escríbenos a :
voluntariado@meninos.org

ou **escanea o código QR** que te leva ao formulario directo na nosa web:



Que requirimos:

A persoa voluntaria decide participar dentro de Meniños, dedicando parte do seu tempo en beneficio dunha acción enmarcada dentro dun proxecto concreto de xeito reflexivo, altruísta, solidario, libre e comprometido, amosando:

- Identificación cos valores da organización.
- Empatía, sensibilidade e responsabilidade coas necesidades das familias, nenos, nenas e adolescentes en dificultade social.
- Habilidades comunicativas e de relación social.
- Habilidade para o traballo en equipo.
- Disponibilidade de tempo suficiente para o proxecto ao que se quere vincular.
- Posibilidade de realizar desprazamentos.
- Inexistencia de situación de conflitos de interese coas persoas participantes nos proxectos.

Meniños comprométese coa persoa voluntaria a integrala nas áreas de actividade da fundación co acompañamento axeitado para a realización do labor voluntario e garante a realización da súa actividade nas debidas condicións de seguridade.

Queres facer voluntariado na Fundación Meniños?



A infancia é a oportunidade da sociedade no seu conxunto

O voluntariado é un factor de transformación social

Na Fundación Meniños cremos que a situación da infancia necesita da achega de todas as persoas para diminuír as graves discriminacións que se están a producir. Os últimos documentos publicados (bases estatísticas das administracións responsables de protección á infancia) ofrecen unhas cifras de desprotección, violencia e pobreza dramáticas, consecuencia do impacto que as crises están a provocar na poboación máis vulnerable.

Consideramos o voluntariado como unha expresión cidadá de compromiso altruísta que contribúe a xerar cambios positivos na infancia e as familias en dificultade social.

Desde o noso papel como ONG temos o compromiso social de facilitar a canalización da implicación de todas as persoas con esta responsabilidade compartida:

- Ofrecendo á sociedade unha vía de participación na protección á infancia e na cobertura das súas necesidades.
- Optimizando a atención aos nenos e nenas e ás súas familias, favorecendo a colaboración de todas as persoas que pola súa sensibilidade e competencias poidan complementar o traballo dos equipos profesionais, conseguindo o mellor e maior nivel de atención posible ás necesidades das persoas coas que traballamos.
- Fomentando a solidariedade aproveitando os recursos, a potencialidade e a disposición que existe nas persoas en xeral cara as familias e nenos e nenas máis vulnerables.
- Tecendo redes de apoio informal, motores do desenvolvemento social que funcionen como colchón amortecedor en momentos de crise.

O valor do voluntariado na Fundación Meniños

Como participar:

Calquera persoa pode colaborar con Meniños incorporándose ao equipo voluntario da Fundación. Axudamos a cada persoa voluntaria na elección do proxecto que máis concorde coas súas aptitudes, habilidades e preferencias, aproveitando a súa experiencia e a súa disposición de tempo, da forma máis enriquecedora para cada unha das persoas e para as familias e nenos e nenas cos que traballamos.

En que proxectos:

A participación da persoa voluntaria canalízase a través dos programas de intervención para familias e infancia que estamos a desenvolver en cada momento, deseñando un catálogo de proxectos que permiten a participación das persoas nas diferentes áreas de intervención.

Nestes momentos a Fundación desenvolve proxectos nas áreas de:

- **Área de Intervención Familiar**
 - Apoio escolar.
 - Apoio familiar.
 - Respiro familiar.
 - Apoio en tarefas complementarias á Intervención Familiar en Puntos de Encontro Familiar.
 - Apoio en tarefas complementarias á Intervención Terapéutica en programas de atención á Violencia de Xénero.
 - Proxecto "Ao carón". Apoio socioeducativo a nenos e nenas en situación de risco.

- **Área de Sensibilización e Promoción de dereitos da infancia e da adolescencia.**

- Promoción dos dereitos da infancia e da adolescencia e desenvolvemento de proxectos educativos e preventivos.
- Comunicación para a sensibilización nos dereitos da infancia e da adolescencia e difusión do labor da Fundación.
- Campañas de información e captación de familias para acollementos e adopcións.
- Proxecto "Lecxit: lectura para o éxito educativo".

Podes coñecer os nosos proxectos en:
www.meninos.org

Permanecemos sempre atentas á detección e captación de novas oportunidades de voluntariado a través das propostas de persoas e entidades interesadas na nosa misión.

